

CURSO DE POSGRAO DE ESPECIALIZACIÓN EN ORIENTACIÓN LABORAL, EDICIÓN 2017


Xestionado como título propio da Universidade da Coruña



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

A QUEN VAI DESTINADO?

Persoas tituladas universitarias empadroadas en Galicia dende hai dous anos cando menos, que teñan como obxectivo profesional desenvolver a súa actividade no eido da orientación laboral e no apoio ás persoas que procuran emprego.



CONTIDOS

O Curso de Posgrao de Especialización en Orientación Laboral consta de **26 créditos ECTS**, dentro dos que se contemplan **94,5 horas de formación presencial** ademais da formación a distancia, actividades avaliativas, de repaso, traballo persoal do alumnado e traballo en rede ata totalizar as 650 horas que conforman o curso.

O programa do curso está composto por 16 temas estruturados nos seguintes módulos:

- Módulo 1: marco conceptual
- Módulo 2: marco persoal
- Módulo 3: marco instrumental
- Módulo 4: proxecto final



COMO SE DESENVOLVE?

Trátase dun curso en modo **blended learning** que combina teleformación con sesións presenciais.

As sesións presenciais serán venres pola tarde (16.00 h a 20.30 h) e sábados pola mañá (9.30 h a 14.00 h) no **Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia** dependente da Consellería de Economía, Emprego e Industria, emprazado en Santiago de Compostela.




DATAS DE CELEBRACIÓN

O curso iniciárase o **1 de setembro de 2017** ata o mes de decembro, **combinando a formación a distancia (a través da plataforma de teleformación, con rexistro de acceso) coa formación presencial.**

Inicio formación presencial: 1/09/2017

Inicio teleformación: 1/09/2017

Remate formación presencial: 24/11/2017



REQUISITOS TÉCNICOS

Computador con **versión actualizada do navegador, cámara web, altafalantes, micrófono e acceso a Internet.**

Pode requirirse da instalación de determinado software ou plugins (en todo caso gratuítos e de uso libre), así como o rexistro e creación de perfís profesionais en plataformas ou redes sociais.

Deberá **acudirse ás sesións presenciais cun computador portátil** ou con tablet ou smartphone, aínda que algunhas funcionalidades poden verse limitadas.



AVALIACIÓN

Para superar o curso e **obter o título de Experto Universitario en Orientación Laboral** requírese:

- Mínimo asistencia ao 80% das sesións presenciais
- Traballar contidos sobre a plataforma Moodle
- Superar:
 - ✓ As actividades individuais e grupais
 - ✓ Os test e exames previstos no curso
 - ✓ O proxecto final
- Participar activamente no curso.

